



PRESENTACIÓN EN VILALBA DO LIBRO

ARTE EN ESENCIA

DE

VÍCTOR CORRAL

VENRES, 6 DE XULLO DE 2018 - 20:30 horas

NA CASA DA CULTURA



O Instituto de Estudos Galegos, en colaboración co Concello de Vilalba, organiza este venres, día 6 de xullo, ás 20:30 horas, na Casa de Cultura de Vilalba a presentación do libro **ARTE EN ESENCIA**, do escultor chairego **VÍCTOR CORRAL CASTRO**.

Intervirán no acto: **Víctor Corral Castro, Noemí Díaz Corral, Marica Campo Domínguez, Manuel Celso Matalobos, Xulio Xiz Ramil e Marisa Barreiro Mejuto.**

VÍCTOR CORRAL

No ano 1937, nun pequeno pobo da Terra Chá nacía Víctor Corral Castro. No seo dunha familia de 11 irmáns, entre a barra do ultramarinos dos seus pais, Casa de Ribado, e o coidado das vacas Víctor comeza a desenvolver o amor pola arte a unha idade moi temperá afeccionándose a tallar os cornos das reses ou as pedras que se atopaba polo camiño.

Anos máis tarde, cando Víctor tivo que acudir á Coruña para cumprir co servizo militar obrigatorio decidiu compaxinar este cos estudos, formándose así durante dous anos na Escola de Artes de A Coruña, onde tamén estudara Pablo Picasso. Ao terminar Víctor traslada a súa residencia a Barcelona onde continúa os seus estudos en La Lonja ademais de conseguir o seu primeiro traballo como escultor.

É tamén nesta cidade onde o artista coñece ao amor da súa vida, Telvi, a súa muller coa que hai apenas uns meses celebraba as súas vodas de ouro; e onde realiza en 1966 a súa primeira exposición conseguindo xa grandes halagos por parte da crítica.

Víctor, como tantos fillos desa España, acaba emigrando fora do país, primeiro só e máis tarde acompañado pola súa muller. Traballando de calquera cousa que se lle presente, camareiro, pasteleiro, coidador; nunca desiste de conseguir os seus soños: volver á súa terra para alí dedicar a súa vida á súa familia e á arte. Xa en 1967 consegue estrearse expondo no estranxeiro, Xenebra foi a cidade escollida.



Así o traballo duro ía dando os seus froitos e despois de moitos anos fora viaxando, traballando e expondo, en 1971 Víctor decide que é o momento de volver a casa para construír a que sería e aínda é a súa Casa Museo, o lugar onde comparte a súa arte con todos aqueles que queiran visitalo e onde ademáis construíu xunto á súa muller o fogar da súa familia. Un lugar extraordinario que viste o amplo xardín repleto de obras como o pombal cuberto con pedras de todo o mundo ou a fonte adicada a Eva, a primeira muller, e coroado por unha fermosa capela, todo rodeado de decenas de flores, árbores e plantas de toda clase e nun enclave totalmente sedutor, o camiño Norte de Santiago.

Paseou polo mundo e agora é un mundo o que día tras día pasea polos máxicos xardíns e salas do seu museo.

Víctor é un artista deses que sente devoción pola súa terra e foi un membro activo da comunidade durante toda a súa vida establecendo grandes amizades con outros artistas galegos, como o poeta Manuel María que lle dedicou xa no ano 1988 unha profunda poesía: "(...) Ti fas Víctor Curral case dá nada un mundo necesario de esperanza, aberto á marabilla inagardada (...)."

A súa historia de amor co artista que leva dentro comezou hai máis de 65 anos. Unha longa traxectoria, a súa extensa e destacable lista de clientes, centos de obras maxistras, as moitas visitas que segue recibindo ano tras ano na súa casa e a crítica aválano sen dúbida.

Toda unha vida dedicada a crear beleza da nada, dun anaco de madeira deostado e esquecido, de pedra informe ou dun óso de oliva. A escultura, a pintura, a poesía ou a fotografía foron as ferramentas das que fixo uso para compartir cos demais todo ese mundo interior que alberga tanta maxia. E é que cando falan da maxia que esconde Galicia falan tamén de Víctor Corral.

Di que o que máis ama na vida é a súa familia, a Deus, a natureza e a arte; que a mensaxe que quixo transmitir foi unha mensaxe humana, poética e fermosa e isto vese reflectido á perfección en cada unha das súas obras, en cada anaco de materia inerte que cobra vida despois de pasar polas súas mans. Agora, despois de toda unha vida dedicada a crear, a facer arte en maiúsculas, Víctor publica libro, unha magnífica recompilación dalgunhas das súas mellores obras e poesías, acompañadas de dedicatorias especiais que lle fixeron ao longo da súa carreira, extractos críticos ou mesmo algún recordo que garda con especial agarimo dos moitos nenos que visitaron o seu museo. Un libro feito con moito mimo, editado da man da súa neta pequena, onde cada unha das súas partes foi escollida polo que significan e por que todas xuntas contan unha historia, a deste irrepitible artista chairego. Unha historia da que sentirse orgulloso e unha xa inesquecible pegada que nos lembra o grande das nosas terras galegas.

Víctor escribiu as súas poesías, esculpiu as súas obras a imaxe da súa vida: con entrega, respecto, amor e espiritualidade. O que fai non é só un agasallo para a vista se non tamén para a alma e agora unha pequena parte de todo iso compárteo connosco no seu novo libro onde entre as súas páxinas poderemos entender unha vez máis aquelas palabras que lle adicaba Manuel María: "(...) e sementas en nós ben sementada unha firgoa de luz e unha inqueda de beleza perfecta, outa e sagrada."